

Estimadas familias:

Enviámoslles as instrucións para o encargo dos libros de texto e material escolar 2024-25 no colexio.

- Para encargar os **libros de texto** no colexio, deben acceder á paxina web [www.colexioalborada.es](http://www.colexioalborada.es) e cubrir o formulario do curso ou cursos correspondentes. Recibirá unha confirmación co seu pedido, no seu correo electrónico, despois de enviar o formulario. Por favor, revise a carpeta de spam se non o recibe.
- Poden encargar todos os libros ou só parte deles. As familias que soliciten fondo solidario da Xunta de Galicia e desexen encargar os libros no colexio, deben marcar todos os libros que desexen encargar e nós nos encargaremos de eliminar os que lles foron concedidos na axuda.
- Os formularios para encargar os libros no colexio estarán abertos desde este momento. Os pedidos recibidos despois do día 15 de xullo serán tramitados a principios de setembro.
- As familias que encarguen os libros de texto no colexio, así como as que solicitan fondo solidario, **recibirán por correo electrónico as datas nas que poden recoller os libros no colexio. Tamén poderán consultar estas datas na páxina web do colexio.**
- É imprescindible entregar o cheque da axuda da Consellería (en caso de tela solicitado) **debidamente cuberto e asinado pola persoa que solicita a axuda** no momento de recoller os libros. Os cheques poderán recollerse no centro o día **28 de xuño de 9,30 a 13,00 horas.**
- O importe dos libros e do material escolar poderá ser abonado polas familias a través do banco en un, tres ou seis prazos ou con tarxeta bancaria no momento da recollida.
- Para encargar o **material escolar** no colexio, deben acceder á paxina web [www.colexioalborada.es](http://www.colexioalborada.es) e cubrir o formulario do curso ou cursos correspondentes. Recibirá unha confirmación co seu pedido, no seu correo electrónico, despois de enviar o formulario. **O material escolar de Ed. Infantil, 1º EP, 2º EP e 3º EP encárgase automaticamente no colexio.**
- A data límite para a cancelación ou modificación do pedido é o 10 de xullo. En caso de cancelación ou modificación, deberán cubrir de novo o formulario e enviar unha notificación ao correo [libreriaclaimo@albotic.com](mailto:libreriaclaimo@albotic.com) coa palabra “Modificación” ou “Cancelación” no asunto e co nome do alumno e curso no corpo da mensaxe. **O material de educación física non poderá ser anulado despois do día 15 de xullo.**
- O profesorado non admitirá libros de actividades (*workbook, activity book, cahier, etc.*) pintados ou cubertos. En caso de ser reutilizados, terán que estar completamente borrados.

Ante calquera dúbida sobre os libros de texto poden poñerse en contacto con [libreriaclaimo@albotic.com](mailto:libreriaclaimo@albotic.com)

Os listados de libros por curso e material escolar están dispoñibles na web do centro ([www.colexioalborada.es](http://www.colexioalborada.es)) na páxina principal premendo en “Libros de texto” ou no apartado de “Educación / Libros de texto”.

Un saúdo,  
A COMISIÓN DE LIBROS